

CENTRO VIRTUAL DE INTERPRETACIÓN DA

MEMORIA HISTÓRICA

IES CELANOVA CELSO EMILIO FERREIRO



UN PROXECTO INTERDISCIPLINAR
COORDINADO POLA BIBLIOTECA

*“Paz de cuartel, paz de preso,
paz de pobo asoballado,
paz de pau e tente teso.”*

Celso Emilio Ferreiro

MEMORIA XI CONCURSO DE TRABALLO POR PROXECTOS MODALIDADE 1

IES CELANOVA CELSO EMILIO FERREIRO

CÓDIGO: 32016625

PROVINCIA: OURENSE

LOCALIDADE: CELANOVA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



BIBLIOTECAS
ESCOLARES
DE GALICIA

A. XUSTIFICACIÓN E PLANIFICACIÓN. CONTIDOS CURRICULARES

O [Centro de Interpretación Virtual da Memoria Histórica do Iles Celanova Celso Emilio Ferreiro](#) é un proxecto educativo que agrupa as actividades de coñecemento pasado tendo como punto de partida o noso patrimonio tanto material como inmaterial.

Abordamos de xeito interdisciplinar a historia recente da nosa vila, impulsados polo Departamento de Historia, coordinados pola Biblioteca e coa colaboración doutros departamentos.

Impórtanos abordar o tema con respecto e prudencia, buscando sobre todo verdade, xustiza e reparación.

Palabras chave: Memoria Histórica, proxecto educativo, patrimonio, interdisciplinar.

CONTIDOS CURRICULARES DA PROGRAMACIÓN

HISTORIA: Poñer en valor a historia local máis recente e sensible de Celanova, principalmente no Bacharelato pero de xeito tanxencial no resto dos grupos. Tema trasladado tamén ás titorías. Valorarase principalmente a capacidade de reflexión e o pensamento crítico. PLÁSTICA: Cartelería e sinalética; fotografía e deseño gráfico con ferramentas dixitais. GALEGO: Poesía da Memoria; LINGUA CASTELÁ: Pescuda, selección e resumo de información, e na sección de ORATORIA: locución, proxección e entoación de textos en prosa e verso; MÚSICA: Cantautores, a música como potenciadora das emocións e a empatía, acompañamento de recitais e organización de concertos. FRANCÉS e INGLÉS: Tradución das informacións sobre a historia do claustro.; EQUIPO DE AUDIOVISUAIS. Montaxes cinematográficos ; FPBÁSICA. (COMUNICACIÓN E CIENCIAS SOCIAIS): Historia da nosa vila e do noso edificio, literatura galega da posguerra.

A. XUSTIFICACIÓN E PLANIFICACIÓN: COMPETENCIAS CLAVE E PARTICIPANTES

COMPETENCIAS CLAVE

CCL: Lectura, síntese, reformulación, difusión. // CD: Montaxe de produtos e a pescuda de información.

CP;S;AA: O TPP por definición desenvolve o traballo cooperativo e a pescuda de medios autónomos de aprendizaxe.

CE: As actividades propostas impulsan a autonomía do alumnado.

CCEC: A posta en valor do patrimonio en calquera dos seus formatos está sempre presente.

PROMOVE	COORDINA	PARTICIPAN
DEPARTAMENTO DE HISTORIA	EQUIPO DE BIBLIOTECA:	Patricia Cid, Rafael Adán (Galego/EDLG)
Silvia Rivero Dorado	Isidora Gil González (Debuxo),	Carlos Alonso (Inglés, audiovisuais)
Yolanda Seara Sampedro	Irma Fernández Alonso (Música, FPB),	Marta López (FPBásica)
	Sandra Quintas (Lingua Castelá, Oratoria)	Luisa Pérez (Francés)

ALUMNADO: Todos os grupos dalgún xeito ou outro participaron nalgunhas das accións que redactamos, recaendo a maior parte delas no alumnado de bacharelato e FP, pero comprendendo tamén á ESO.

E A COLABORACIÓN EXTERNA DE: Comité de Memoria Histórica; Concello de Celanova; Fundación Curros Enríquez

A. XUSTIFICACIÓN E PLANIFICACIÓN: CRONOGRAMA



PRECUELAS
(2021-2022)

[OS OITO VECIÑOS NOSOS EN MATHAUSEN](#) (2021)

[DOAZÓN AO IES DE PEZAS SENLLEIRAS POLO COMITÉ DE MEMORIA HISTÓRICA](#) (2022)

ASISTENCIA ÁS EXHUMACIÓNS DA FOSA COMÚN (DECEMBRO 2022)



TOMA DE
REFERENTES,
DOCUMENTACIÓN
E
SENSIBILIZACIÓN
(2023)

XORNADA: MEMORIA HISTÓRICA E DEREITOS HUMÁNS (2023).

PRESENTACIÓN DO LIBRO DO DOUTOR SERRULLA SOBRE A
FOSA DE CELANOVA NA BIBLIOTECA DO CENTRO (2023).

POSTA EN MARCHA DO REPOSITORIO DE CONTIDOS: “CENTRO
VIRTUAL DE INTERPRETACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA” (2023).

ACTUALIZACIÓN
PERMANENTE DO
[REPOSITORIO DE
CONTIDOS](#) CON
NOVAS PEZAS E
INFORMACIÓNS!!!
(2025)



CO ALUMNADO...
(2024 E 2024-25)

PROXECTO “ROTEIRO DA MEMORIA” (FINAIS DE 2024).

SEGUEMENTO DOS ACTOS DE HOMENAXE ÁS
VÍTIMAS, VISITA DAS FAMILIAS AO CENTRO (2025).

[REALIZACIÓN “FÍSICA”
DO ROTEIRO!!!!](#) (2025)

TRABALLO SOBRE ESPAZOS DO ROTEIRO DA MEMORIA PENDENTES (2025).

B. OBXECTO E TEMÁTICA DA INVESTIGACIÓN

O IES Celanova Celso Emilio Ferreiro (<http://iescelanova.gal>) é un centro cunha personalidade claramente marcada polo lugar onde se atopa: habitamos nun mosteiro bieito e iso condiciona o noso xeito de traballar e o propio edificio é un axente educativo. Por certo, **cumprirá 300 anos no 2027** e estamos preparando os fastos.

Conta cun claustro estable e dinámico e cun alumnado en xeral pouco disrutivo, bastante participativo e cun baixo nivel de absentismo. Un dos nosos lastres é a dispersión demográfica. Así, unha das prioridades do centro é actuar como elemento integrador e igualador.

Queremos visibilizar o traballo que aquí se fai e, por que non, aumentar a nosa autoestima como colectivo da Galicia Profunda. A nosa meta é que o alumnado que queira quedar poida desenvolver todo o seu potencial na medida das nosas posibilidades. Os recoñecementos externos axúdannos logo a poñer no mapa un centro público rural nun entorno ás veces falto de medios pero activo e creativo.





IES CELANOVA
CELSO EMILIO FERREIRO



B. OBXECTO E TEMÁTICA DA INVESTIGACIÓN

Retomando o **300 aniversario do noso edificio**, puxemos en marcha “**O Fogar das Musas**”, unha campaña coordinada polo Equipo de Biblioteca para musealizar o centro, ao mesmo tempo dinamizador da contorna.

Unha das vías é abordar a historia recente e recoñecer o noso edificio nunha das súas facetas máis escuras: ademais de mosteiro, centro educativo ou sede do Circo da *Cidade dos Muchachos*, foi cuartel das milicias nacionais e cárcere de represaliados no franquismo.

A raíz do **descubrimento dunha fosa común no cemiterio da vila**, comezamos a colaborar co Comité de Memoria Histórica da Comarca de Celanova, e o antropólogo forense Fernando Serrulla convidounos a asistir á exhumación. Foi un dos puntos de partida: dentro do proxecto de musealización do centro, queremos documentar espazos, obxectos e o entorno para que sexan un verdadeiro recurso educativo. Tamén abordamos o proxecto dende a lingua e a literatura: Celso Emilio, o poeta que nos dá nome, foi represaliado tamén. Por todo iso, e tirando do fío da proposta do alumnado de FPB durante o programa eMprende no que idearan un Centro de Interpretación da Memoria Histórica, iniciamos este proxecto interdisciplinar, cuxa semente comezou no ano 2022 e segue a medrar. Tamén as conversas co IES Valadares durante o programa Observa_acción animáronnos a transitar este camiño, que agardamos algún día partillar.

Comité de Memoria Histórica da Comarca de
Celanova


C. PROCESO DE DISEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA



- ✓ **RETO INICIAL:** Que pasou no noso espazo e na nosa vila en relación coa Memoria Histórica?
- ✓ **PROCESOS DE TRABAJO:**
 - **Movements cara fóra:** Realización do [Roteiro da Memoria](#).
 - **Movements cara dentro:** [Presentacións de libros](#) (Fernando Serrulla), coloquios, doazóns ao museo, [visita ao centro das familias asturianas dos localizados na fosa...](#)
- ✓ **PRODUTOS / RESULTADOS:** vídeos, murais, xogos, recitais poéticos, somerxendo a todo o centro en actividades periódicas relativas ao tema da Memoria Histórica, recompilados no escaparate que chamamos...

CENTRO DE INTERPRETACIÓN VIRTUAL DA MEMORIA HISTÓRICA DE CELANOVA.

D. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO... E PARA O PÚBLICO EN XERAL



- **CENTRO XERAL DE RECURSOS**, o que chamamos [Centro de Interpretación Virtual da Memoria Histórica. Recursos e produtos elaborados dende os inicios do proxecto.](#)
- **UN PASEO POLA BIBLIOTECA:** [A biblioteca como lugar de memoria...](#) Nos seus tempos máis escuros parece ser que foi almacén e armería da prisión.
- [INFORMACIÓN EN VARIOS IDIOMAS SOBRE O NOSO EDIFICIO](#) e documentación sobre espazos do noso centro relativos á memoria, trasladada en diferentes formatos, por exemplo [“LA LEONA”](#).
- **MUSEO IES CELANOVA:** Incorporación ao Museo Virtual das pezas fichadas: placa das escolas da república, cartaz do aniversario do fusilamento dos Asturianos... <https://iescelanova.es/museo/>
- [AULA VIRTUAL DO DEPARTAMENTO DE HISTORIA](#), aberta a entrar como persoa invitada.
- [RECOMPILACIÓN “OUTROS MUSEOS DA MEMORIA”](#): Revisión na rede de outros espazos da memoria, tanto físicos como virtuais, para coller referentes bos e prescindir dos que non nos gustaron.
- [DOCUMENTO DE TRABAJO “A OCA DE CELANOVA”](#) que describe o proceso da elaboración do xogo, dende a elección das casas, ata o reparto do traballo, pasando por documentación e deseño.. .

E. TAREFAS REALIZADAS POLO ALUMNADO I

- **ROTEIRO DA MEMORIA**, que foi un dos traballos mellor valorados por profesorado e alumnado.



1ª FASE: curso pasado, deseñando o roteiro, investigando os lugares senlleiros e realizando unha atractiva presentación en paneis [e tamén virtual](#)

2ª FASE: culminou neste curso coa realización “física” do roteiro por parte do alumnado de bacharelato, do que [quedou testemuño neste audiovisual](#), con música a cargo do departamento correspondente e poesía a cargo do alumnado de 1ºFPB.

- **RECOMENDACIÓNS LITERARIAS**

de temática histórica en formato booktrailer

[reunidas en taboleiro interactivo.](#)



O alumnado recomenda... Libros de temática histórica que non podes perder!!!!



E. TAREFAS REALIZADAS POLO ALUMNADO II

- [O XOGO DA OCA DE CELANOVA](#), para coñecer o patrimonio xogando. Realizado polo alumnado de 1ºFPBásica na materia Comunicación e Sociedade e o alumnado de 2º ESO na materia de reforzo. No reverso do taboleiro aparecen os lugares senlleiros representados en cada casa, ampliando información de cada un no QR. Pódese descargar e imprimir, tamén está na Oficina de Turismo da vila para que se reparta entre os visitantes e na Casa dos Poetas, sede da Fundación

Curros. [Mesmo saiu na prensa!](#)



- 1 OCA nadando na pilón da praza.
- 2 Altar prehistórico da Capela de San Miguel
- 3 Capela de San Miguel
- 4 Templo barroco do Mosteiro de San Salvador
- 5 OCA na Festa da Ramallosa
- 6 Ponte Pedreira
- 7 Órgano
- 8 Claustro barroco
- 9 OCA na Raigame
- 10 Claustro do Paleiro
- 11 Paleiro
- 12 Ponte Freixa (Ponte)
- 13 Río Arnoia
- 14 OCA na Capela do Cristal
- 15 Virxe do Cristal
- 16 Cova de San Viván
- 17 Torre de Vilanova
- 18 OCA nas Festas de San Roque
- 19 A Taberna do Galo (Pousada)
- 20 Castromao
- 21 Triquel de Castromao
- 22 Tabula de Castromao
- 23 OCA na Praza de Abastos
- 24 'La Leona'
- 25 Alto do Furiolo
- 26 Busto de Celso Emilio Ferreiro (Dados)
- 27 OCA na feira
- 28 Canastros da Merca
- 29 San Pedro da Mezquita
- 30 Concheira do Máximo
- 31 Pazo das Rás
- 32 OCA vendendo á Banda de Celanova
- 33 Outeiro da Olbra
- 34 Monte da Neve
- 35 Igrexa de Santa Baia de Anfeaz



- | | |
|---|--|
| 36 OCA na Espóla | 46 Sala Gótica do instituto. |
| 37 San Pedro de Ramirás | 47 Xadrez de San Rosendo |
| 38 Escola Indiana de Ramirás | 48 Gárgolas |
| 39 San Rosendo | 49 Einibó |
| 40 Santa Ilduara | 50 OCA lendo poesía romántica de Celso Emilio. |
| 41 OCA na Entroido de Celanova. (Labirinto) | 51 Santuario de As Marabillas |
| 42 Petróglifo das Barranconadas | 52 San Paio dos Pitos |
| 43 Capela da Encarnación | 53 Busto de Curros Enríquez (Dados) |
| 44 Río Ourella | 54 OCA nas escolas deportivas. |
| 45 OCA que vai ao instituto. | 55 O galeiro de Penalta |

Información sobre cada unha das localizacións aquí



Créditos: Equipo de Biblioteca, Carlos Alonso (fotografías), alumnado de 1ºFPB, alumnado de 2ºESO B e Zoe Rodríguez Blanco (diseño das ocas).

- 56 Celda de Celso Emilio (Cárcere)
 - 57 Casa dos Poetas
 - 58 Fosa común dos asturianos no Cemiterio de San Breixo (Morte)
 - 59 OCA na antiga cociña do mosteiro.
 - 60 Campa do Paleiro
 - 61 Plaza das Escolas da República
 - 62 Plano da biblioteca
 - 63 Biblioteca do Claustro do Paleiro
- ..OCA: 5, 9, 14, 18, 23, 27, 32, 36, 41, 45, 50, 54 e 59. De oca a oca e tiro porque me tócal

- CASAS ESPECIAIS sinaladas co logo do IES Celanova:
- Ponte (Ponte Freixa e Ponte Pedreira): 6 e 12. De ponte a ponte!
 - Pousada (Taberna do Galo): 19. Perdesse un turno.
 - Pazo (Pazo das Rás): 31. Non se pode volver e tirar ata que outro xogador pase por ali.
 - Labirinto (Petróglifo): 42. Retrócedese ata a 30.
 - Cárcere (Cela de Celso Emilio): 56. Dous turnos sen xogar.
 - Bustos de Celso Emilio e Curros (na oca clásica, os dados): 26 y 53. Da 26 vaíse a 53 e viceversa.
 - Morte (Fosa común do Cemiterio de San Breixo): 58. Valtar ao comezo do xogo
 - Chegada (Biblioteca): 63. Hai que sacar no dado a número exacto para entrar. En caso de exceso retrócedese tantos postos como puntos sobrantes.



- [VISITA VIRTUAL](#) documentada á cela de Celso Emilio, con recital poético e música a cargo do alumnado de 1ºFPBásica.



E. TAREFAS REALIZADAS POLO ALUMNADO III

- [PRESENTACIÓN AUDIOVISUAL](#) do noso edificio, o Claustro do Poleiro, en galego e castelán, a cargo do alumnado de 2º ESO nas respectivas materias. Pescudaron información, seleccionaron, resumiron e gravaron as locucións, encargándose da montaxe o equipo de biblioteca.
- [CONCERTO DA MEMORIA](#), para rematar o curso, e dentro dos concertos regulares da biblioteca, incluímos un recital poético cooperativo, preparado nas aulas de música e oratoria, co alumnado de 4ºESO e 3ºESO, espectadores e participantes.
- [FUGAS NO MOSTEIRO](#), traballo no que o alumnado de debuxo, facendo xogo de palabras e postos en contexto, traballaron os puntos de fuga en perspectivas do noso edificio
- [INFORMACIÓN SOBRE O EDIFICIO](#): o alumnado participou na tradución dos textos informativos a inglés e francés sobre o noso edificio e as súas peculiaridades históricas.

CONCERTO DE FIN DE CURSO NA BIBLIOTECA

PROFESORADO E ALUMNADO DO CENTRO,
E AMIGOS DE CELANOVA

19 DE XUÑO ÁS 12.35 HORAS

O CONCERTO DA
MEMORIA



FUGAS NO MOSTEIRO

PERSPECTIVA
FUGAS NO MOSTEIRO

Traballo final da primeira avaliación
Debuxos Artísticos 1º 2024/25

PDF

FUGAS NO MOSTEIRO

O mosteiro como prisión...
que máis quixeran os
presos que fugarse! O
departamento de Debuxo
traenos a solución!

INFORMACIÓN TURÍSTICA

ENGLISH

CELANOVA CELSO EMILIO FERREIRO HIGH SCHOOL



PDF
EN INGLÉS

FRANÇAIS



PDF
EN FRANÇAIS



F. RECURSOS E FONTES UTILIZADAS (BIBLIOGRAFÍA/WEBGRAFÍA)

- **XORNADA “[MEMORIA HISTÓRICA E DEREITOS HUMÁNS](#)”**, realizada no curso 22-23 e na que participou todo o centro.
- **[COLOQUIO](#)** cos integrantes do Comité de Memoria Histórica das Terras de Celanova.
- *Investigación histórica, exhumación y análisis de los restos de la fosa de Celanova*, de Fernando Serrulla, que [presentou a súa publicación na nosa biblioteca](#).
- **WEB DA [MEMORIA HISTÓRICA DE CELANOVA](#)**, que consultamos directamente ou ben difundimos polos nosos medios:
- **BLOGS E WEBS** que poñen en valor o patrimonio da nosa contorna, como TERRITORIO BÚBALO ou [VÍA LETHES](#) ,
“[Memoria da Longa Noite de Pedra](#)”, etc.
- **RECURSOS DA BIBLIOTECA**, incluídos na [lista KOHA MEMORIA HISTÓRICA](#)
habilitada para tal fin e en constante ampliación.
- **RECURSOS MUSEOGRÁFICOS** para ter en conta
outros referentes, por exemplo [EVE MUSEOGRAFÍA](#)
- **EN CANTO A RECURSOS MATERIAIS...** todos os que o noso centro nos pode ofrecer:
dotación informática, espazo na web, zonas expositivas para cartelería física, equipos
audiovisuais do centro, ploter e impresora da biblioteca, material museográfico, funxibles...



G. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Contamos cun gran apoio da comunidade educativa e de toda a colaboración cando requirimos de axudas. O equipo directivo favoreceu en todo momento a organización, a intendencia e ata as cuestións económicas. Outros equipos do centro (formación PFPP, Innova-Lab, EDLG e demais) colaboraron apoiando e difundindo as nosas experiencias. Alumnado, familias e visitantes son observadores complacentes do resultado. Importantísima a implicación de institucións da vila: Comité de Memoria Histórica, Fundación Curros, Concello, etc. Grazas!

H. DIFUSIÓN

- BLOG da biblioteca: <https://bibliotecapoleiro.blogspot.com/>
- WEB DO CENTRO: <https://iescelanova.gal/>
- REDES SOCIAIS (Instagram, X e Facebook) ;
- [CANLE DE YOUTUBE](#) (Biblioteca Poleiro)
- [BOLETÍNS TRIMESTRAIS](#) DE INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS
- [EXPOSICIÓN FÍSICA DE TRABALLOS](#) nos nosos corredores
- [PRENSA](#)
- PROXECTO “[CATEDRAIS EDUCATIVAS](#)” DA CONSELLERÍA.
- WEBS E REDES doutras institucións ([FEAE](#), [Comité de Memoria Histórica das Terras de Celanova](#))



I. AVALIACIÓN: INTERNA

FORTALEZAS

Equipo docente estable, que adoita traballar por proxectos, e un alumnado que ten (na súa maioría) capacidade para afrontalos.

Coordinación e difusión por parte do Equipo de Biblioteca. Elaboración das programacións contando cos proxectos.

DEBILIDADES : O tempo dispoñible para metodoloxías que precisan de moitísimo traballo. Dificultade para implicar a máis departamentos.

AMEAZAS: O corsé burocrático que ás veces non facilita a fluidez das metodoloxías activas.

OPORTUNIDADES: Colaboración con institucións da contorna: Comité de Memoria Histórica, Concello de Celanova, Fundación Curros Enríquez. Apoio inestimable de figuras expertas no ámbito, como o doutor Serrulla. A veciñanza arróupanos!

AVALIACIÓN NAS MATERIAS

HISTORIA: Bacharelato: táboa de indicadores; rúbrica de procedementos e resultados (presentación, contido); rúbrica de debate (capacidade de reflexión e pensamento crítico). Ata dous puntos nos trimestres correspondentes.

LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA/ COMUNICACIÓN E CIENCIAS SOCIAIS/ ORATORIA: ESO e FP Básica: rúbrica de procedementos e resultados (redacción, locución, entoación, proxección da voz). Ata 1,5 puntos nos trimestres correspondentes.

INGLÉS, FRANCÉS, MÚSICA: Traballo voluntario para o alumnado da ESO, valorouse en todo caso positivamente, con aproximación da nota á alza e a intención de que o alumnado se incorpore ás temáticas propostas motu proprio.

I. AVALIACIÓN: EXTERNA

Bos resultados nas PAU.

Centro	Carácter	Localidad	Nota
IES Rosal de Vique	Público	Vigo	7,974
IES Villar Ponte	Público	Viveiro	7,803
CPR Plurilingüe María Inmaculada	Privado	Silleda	7,656
CPR Manuel Peleteiro	Público	Santiago	7,576
IES Salvador de Madariaga	Privado	A Coruña	7,467
CPR Plurilingüe Cristo Rey	Público	Vimianzo	7,402
IES Terra de Soneira	Público	Cambados	7,385
IES Francisco Asorey	Público	Lalín	7,349
IES Ramón M.ª Aller Ulloa	Público	Lugo	7,344
IES Leiras Pulpeiro	Privado	Vigo	7,321
CPR Plurilingüe Mariano	Privado	Vigo	7,291
CPR Plurilingüe Amor de Dios	Público	Redondela	7,283
IES de Chapela	Privado	A Coruña	7,269
CPR Plurilingüe Santa María del Mar	Público	Santiago	7,222
IES Eduardo Pondal	Público	Lugo	7,221
IES Xoán Montes	Público	Balona	7,206
IES Primeiro de Marzo	Público	Celanova	7,198
IES Celanova Celso Emilio Ferreiro	Público	Betanzos	7,195
IES Francisco Aguilar	Privado	A Coruña	7,184
CPR Eiris	Público	Neda	7,175
IES Fernando Esquilo	Privado	Vigo	7,165
CPR Plurilingüe Compañía de María	Privado	Monterroso	7,155
IES de Monterroso		Narón	7,13
IES As Telleiras			

Top Ourense!!!

Donde el saber sí ocupa lugar: centros educativos emblemáticos de Ourense



[Catedrais Educativas](#) : Centros senlleiros de Galicia

El IES de Celanova fue el centro ourensano con mejor nota de PAU

MAITE RODRÍGUEZ
OURENSE / LA VOZ



Alumnos de varios centros ourensanos en la entrega de los premios Megau. cedida

Un colegio privado, Maristas, logró la segunda mejor puntuación de la provincia

4 alumnos e alumnas, premios MEGAU

OURENSE

Moncho Fernández recibió en Celanova el premio de Basket x Libros: «É importante construír pontes entre o deporte e a cultura»

M. RODRÍGUEZ
OURENSE / LA VOZ



Premiados y miembros de la Asociación Basket por Libros, además de representantes institucionales, tras la segunda gala de los Premios Mouchiño en Celanova. XUNTA

La asociación cultural y deportiva premió también a las bibliotecas del CEIP Curros Enríquez y del IES Celso Emilio Ferreiro

O Premio Mouchiño, outorgado pola Asociación Basket x Libros da nosa vila: sentímonos arroupados pola veciñanza!

FEAE GALICIA

Forum Europeo de Administradores da Educación

QUEN SOMOS? REVISTA DYLE OPINIÓNS PREMIOS FEAEGA EVENTOS RECURSOS CONTACTO



FEAE GALICIA PREMIA O CENTRO DE INTERPRETACIÓN VIRTUAL DA MEMORIA HISTÓRICA DE CELANOVA

[FEAE GALICIA, na convocatoria V Premio Rafael Rodríguez Martín, recoñeceu o noso proxecto.](#)

J. A BIBLIOTECA PARTICIPA!

- Actúa como centro de recursos humanos e laboratorio de ideas: lugar de reunión, de planificación de estratexias, de creatividade, de organización e coordinación, fomentando a formación do profesorado en cuestións metodolóxicas.
- Actúa como centro de recursos materiais, tanto físicos –libros de arte e música, biografías, manuais de técnicas artísticas, películas- como virtuais, poñendo toda a súa tecnoloxía ao servizo dos usuarios: WiFi, proxeccións de cine, audicións musicais, ordenadores, medios de edición e impresión, e da forma aos traballos en diversos formatos.
- E, finalmente, difunde as experiencias a través de todos os medios ao seu alcance.

PERO ISTO NON REMATA AQUÍ!!!

TEMOS MOITOS PLANS PARA O FUTURO...

CONTINUAREMOS AMPLIANDO O NOSO CENTRO DE INTERPRETACIÓN, con documentación, experiencias, traballos do alumnado... Estudaremos outro lugar de Memoria: O edificio dos Xulgados de Celanova, Cárcere de mulleres. Tamén traballaremos as músicas da memoria... Somerxerémonos na cartelería da época (e no famoso GRAFFITI de Celanova “Adiante Semanario”)...

E todo o que se nos ocorra!

